CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN , CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A UTILIZACIÓN DAS BIBLIOTECAS DA USC POR PARTE DO ALUMNADO DO BACHARELATO INTERNACIONAL DOS CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Primeiro.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia de catro anos, que abrangue desde a data da súa sinatura por ambas partes e que, con anterioridade á finalización da súa vixencia, poderá prorrogarse por acordo unánime das partes, mediante addenda por un período de catro anos adicionais, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Que o instrumento convencional ten por obxecto:
Establecer o marco de colaboración entre a Consellería e a USC que posibilite o acceso do alumnado do Bacharelato Internacional dos centros públicos dependentes da Consellería aos servizos e recursos bibliográficos da BUSC, co fin de realizar a monografía establecida nesta modalidade de bacharelato ao rematar o segundo ano de formación.

Terceiro.- Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- Que é de interese tanto para a Consellería como para a USC colaborar para que o alumnado do Bacharelato Internacional dos centros dependentes da Consellería, teña facilidades para a realización dos seus traballos de investigación, mediante o acceso aos fondos bibliográficos da BUSC, o que permite dar a coñecer ao estudantado os servizos que a Universidade ofrece neste ámbito.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 945QiamIQ2H9 https://sede.xunta.gal/cve

- Igualmente, resulta de interese para a USC participar na avaliación e difusión dos traballos de investigación realizados polo alumnado do Bacharelato Internacional.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

Asinado por: JUDITH FERNANDEZ NOVOA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 29/07/2026 12:22:20

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 945QiamlQ2H9 https://sede.xunta.gal/cve

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal